

# Da maré salgada

---

## *Exaltada autenticidade*

---



ROMÁN RAÑA

---

Todos os poetas buscan a súa voz pola vida e as palabras, polos recantos da cidade ou por entre as agrestes escumas dos mares que sacoden a terra. Modesto Fraga (Fisterra, 1974), coa humildade do nome e a exuberancia do apelido, vai indagando no seu propio eu para atopar a súa voz persoal no xa rico panorama das letras galegas do noso tempo. Agora vén de publicar *Derrotas con raíces* dentro da nova colección “Edoy Leliadoura” que, dirixida por Xesús González Gómez, pon nos andeis nas nosas librarías a editorial compostelá Sotelo Blanco.

O volume divídese en seis partes, precedidas dunha homenaxe a Luísa Villalta. A primeira delas, a máis coherente, mantén un pulso coa memoria das vivencias, pois, non o esquezamos, a arte é un acto persoal contra o esquecemento. Por iso re-

sulta conmovedor escoitar o poeta que di: “Na luz non queda nada se ti xa non a habitas.”



A través deste verso imos achando a constante de moitos outros: a habilidade métrica, o ritmo frondoso do alexandrino (“ninguén agás a sombra dos pasos nos miraba”), o hendecasilabo (“coa patria que nos medra entre os cabelos”) e tamén o heptasilabo (“Sabía que me amabas”). Tamén o ton conversacional da mellor tradición poética española da chamada *poesía da experiencia*: “Seino: talvez soñamos oasis diferentes. O tempo é un sentido que nos arrastra.”

A segunda parte contén tres poemas mariñeiros moi emotivos. Aquí a voz de Modesto Fraga adquire

un plus de exaltada autenticidade cando se fala do mar e as palabras se inflaman de verdade. Os termos navais, a musicalidade náutica, son claras marcas do tremor da empatía. A terceira sección é máis diversa, pasando do rexistro da intimidade ao compromiso coa causa palestina. A cuarta sección alberga cinco textos que constitúen cinco homenaxes. A quinta e a sexta partes van perfilando un camiño do que poderíamos chamar poesía comprometida, erixindo o canto en materia de denuncia, en recuperación da memoria histórica, en plasmación da ira ante a impunidade e ante a inxustiza.

Libro, en fin, onde vence a indignación, mais tamén o fervor polas xentes do mar e onde fulgulan, de igual modo, o fascinado erotismo do corpo feminino, da experiencia do amor, da maré salgada de dous corpos.

---

FRAGA, Modesto, *Derrotas con raíces*, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2007, 109 páxinas.